



NOS CENITROS CULTURAIS DE IMAGEM

O DEREITO DE IMAXE DOS CENTROS CULTURAIS



O dereito de imaxe nos centros culturais, especialmente nos museos e arquivos, é un tema de gran relevancia, dado o crecente uso das tecnoloxías dixitais e a difusión de contido visual en redes sociais. A tensión entre o dereito á propia imaxe, a protección do patrimonio cultural e o dereito á información xera debates xurídicos complexos.

A Constitución Española garantiza no artigo 18.1 o dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe configurando como un dereito fundamental que só pode desenvolverse mediante unha lei orgánica.

Esa protección levouse a cabo a través da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe que cualifica estes dereitos personalísimos como irrenunciabes, inalielables e imprescriptibles.

As intromisións ilexítimas nestes dereitos poden ter unha dimensión penal e nestes casos acudiremos ao Código Penal.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



O dereito de imaxe é un dereito autónomo e independente, cunha proxección exterior pero puramente personalista que nada ten que ver coa consideración social da persoa, coa súa valoración pública que se incardina de xeito mais atinado dentro do dereito á honra.

A defensa do dereito á imaxe como autónomo respecto do dereito á honra e a intimidade persoal e familiar apoia-se no artigo 7 da Lei que recolle lesións ao dereito de imaxe ao cualificar como intromisións ilexítimas as seguintes accións:

5. A captación, reprodución ou publicación por fotografía, filme, ou calquera outro procedemento, da imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fóra deles, salvo os casos previstos no artigo oitavo, dous.

6. A utilización do nome, da voz ou da imaxe dunha persoa para fins publicitarios, comerciais ou de natureza análoga.

Como dereito autónomo respecto do dereito ao honor e a intimidade esixe concretalo no dereito a decidir sobre a captación, reprodución e representación da propia figura.

As intromisións ilexítimas a este dereito teñen tamén unha dimensión patrimonial e económica que debe terse en conta afixando o carácter independente e individual do dereito de imaxe.

O DEREITO DE IMAXE DOS CENTROS CULTURAIS



Portada Revista Diez Minutos.
Fuente: Vanity Fair

O dereito de imaxe non comprende o anonimato segundo a Sentenza do Tribunal Constitucional na sentenza 139/2001, de 18 de xuño.

De feito, o artigo 8.2 sinala que non se considera intromisión ilexítima na propia imaxe:

a) cando se trate de persoas que exerzan un cargo público ou unha profesión de notoriedade ou proxección pública e a imaxe se capte en actos públicos ou en lugares abertos ao público.

b) a utilización da caricatura de ditas persoas de acordo co uso social

c) a información gráfica sobre un suceso ou acontecemento público cando a imaxe dunha persoa determinada apareza como meramente accesoria.

O fundamental no dereito de imaxe é o consentimento:

No caso dos menores a partir dos 14 anos deciden sobre a imaxe, noutro caso necesitan da asistencia dos seus pais, tutores ou representantes legais que o teñen que poñer en coñecemento do Fiscal (ten 8 días para oporse e, de facelo, resolve o xuíz)

No caso dos falecidos será a persoa designada en testamento que pode ser xurídica, no seu defecto os herdeiros, descendentes, ascendentes, irmáns vivos no momento do falecemento e, no seu defecto o Fiscal. Si o exercita o fiscal ou a persoa designada en testamento o prazo é de 80 días dende o falecemento.

No caso das vítimas dun delito poden exercer a defensa do seu dereito de imaxe aínda que non exercitaran a acción civil ou penal e, no seu defecto, o Ministerio Fiscal

O dereito de imaxe pode recoñecerse ás persoas xurídicas (STC 139/1995 de 26 de setembro e sentenza 41/2011 do 20 de xuño) se ben conectada co dereito á honra.


O DEREITO DE IMAXE DOS CENTROS CULTURAIS

O dereito de imaxe como dato persoal: Esta protexido polo Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Datos de Carácter Persoal (RXPd) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

Suxeito sempre aos principios de legalidade, transparencia e minimización de datos, garantindo sempre o consentimento ou unha base lexítima.¹

Para que o tratamento sexa legal o artigo 6 do RXPd esixe :

1. Consentimento do interesado: Debe ser explícito e específico para a finalidade concreta.
2. Cumprimento dunha obrigaón legal: Por exemplo, a videovixilancia en espazos de traballo para seguridade.
3. Execución dun contrato: En casos onde se necesite o uso de imaxes (ex. contratos de publicidade).
4. Intereses lexítimos do responsable: Se non vulneran os dereitos do interesado (ex. eventos públicos)
5. Misión realizada en interese público: Aplicable a administracións e corpos de seguridade.



O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



As persoas cuxa imaxe sexa obxecto de tratamento teñen os seguintes dereitos:

- Acceso: Coñecer se a súa imaxe está a ser tratada.
- Rectificación: Corrixir datos erróneos.
- Supresión (“dereito ao esquecemento”): Solicitar a eliminación de imaxes.
- Oposición: Impedir o tratamento cando non haxa unha causa lexítima.
- Limitación do tratamento: Restrinxir o uso da imaxe en determinados casos.

Os responsables do tratamento das imaxes deben cumprir as obrigas seguintes:

- Garantir o principio de minimización de datos: Non recoller máis imaxes das necesarias.
- Implementar medidas de seguridade adecuadas para evitar accesos non autorizados.
- Informar sobre o tratamento mediante carteis ou cláusulas informativas.
- Obter consentimento válido, salvo excepcións legais.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Nos centros culturais debemos facer referencia á captación de imaxes a:

Visitantes: Dereito á propia imaxe, especialmente en exposicións interactivas ou con cámaras de videovixilancia para seguridade.

- Artistas e autores: Protección de dereitos de autor sobre as súas obras expostas.
- Traballadores e figuras públicas: Dereito á privacidade fronte á exposición mediática.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS

© 2025 Microsoft Co

Calle del Cloquer 5,


Esp

Video vigilancia nos museos: Captación de imaxes seguras

Caso Museo Episcopal de Vic. Infomre AEPD en informe de 10 de xaneiro de 2011

“a través da análise das fotografías, das imaxes captadas polas catro cámaras exteriores do MUSEO EPISCOPAL DE VIC, constatouse que as mesmas captan unha porción de fachada e o espazo inmediatamente contiguo ás portas de entrada e saída do inmovble. Así mesmo todas as cámaras instaladas no edificio son fixas e sen zoom. Por tanto o sistema de videovixilancia instalado, realiza un tratamento proporcional das imaxes, en relación co ámbito e as finalidades que poderían xustificar a súa recollida”

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



- a) A recopilación de datos de carácter persoal só se dará para o seu tratamento
- b) Deberá ser adecuada, pertinente e non excesiva
- c) En relación a un ámbito e finalidade determinada, lexítima e explícita.
- d) Os datos recabados non poderán usarse para finalidades incompatibles con aquelas para as que foran recollidos. Non sendo nunca incompatibles os fins históricos, estatísticos ou científicos.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Captación de imaxe aos traballadores:

- O artigo 20.3 do Estatuto dos Traballadores establece que: “o empresario poderá adoptar as medidas que estime máis oportunas de vixilancia e control para verificar o cumprimento polo traballador das súas obrigacións e deberes laborais”
- Agora ben, esas mediades non poden atentar contra a dignidade humana e deben ser especialmente sensibles con traballadores que teñan certo grado de discapacidade. A regra que ven esixindo a Axencia Española da Protección de datos é a da proporcionalidade entre a finalidade perseguida e o modo no que se tratan as imaxes.
- O artigo 89 da LOPDGDD establece os requisitos que esixe o control dos traballadores por videovixilancia.
- 1. Non se require o consentimento do traballador posto que é o propio contrato de traballo o que faculta ao empresario á colocación da vixilancia e a adopción de medidas de control
- 2. Proporcionalidade. Como indicamos a instalación de imaxes debe ser proporcional; a videovixilancia só debe utilizarse cando sexa preciso e cando non sexa posible acudir a outros medios de control que sexan menos invasivos coa intimidade do traballador.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



- 3. Principio de minimización que se postula o artigo 5 do RXPD que require un tratamento de datos que sexa limitado aos pertinentes e adecuados aos fins que se persigan do art. 5
- No ámbito da videovixilancia este principio supón:
 - a) Que o número de cámaras limítase ás necesarias para cumprir a función de vixilancia.
 - b) Deben analizarse os datos técnicos da cámaras o seu zoom e asegurarse de que os monitores non son visibles máis que polos que teñen a función de controlar as gravacións pero non por o público ou outros traballadores.
- 4. O principio de información, porque a empresa deberá informar ás persoas traballadoras e aos representantes dos traballadores de modo previo á instalación da videovixilancia e de forma clara e completa. (Sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, Caso López Ribalda II de 17 de outubro do 2019)
- 5. O principio de realidade. A normativa de protección de datos só se aplica si as imaxes se captan e se reproducen realmente e non con cámaras simuladas. A instalación de cámaras simuladas non se rexe pola normativa de protección de datos.
- Sin embargo, si son reais e están suxeitas á normativa de protección de datos a captación de imaxes con cámaras reais que estén desactivadas.
- 6. Prohibición de instalación de sistemas de captación de imaxe en lugares destinados ao descanso ou esparexemento com os aseos, vestuarios etc
- 7. O principio de avaliación de impacto. Deben implementarse as medidas de seguridade pertinentes e proporcionais aos riscos existentes, en función das análises de riscos.
- 8 O principio de conservación

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Sentenza TC. 98/2000 de 10 de abril. Caso Casino Toja, instalación de cámaras e micros na ruleta francesa e na caixa:

“En resumo, a implantación do sistema de audición e gravación non foi neste caso conforme cos principios de proporcionalidade e intervención mínima que rexen a modulación dos dereitos fundamentais polos requirimentos propios do interese da organización empresarial, pois a finalidade que se persegue (dar un plus de seguridade, especialmente ante eventuais reclamacións dos clientes) resulta desproporcionada para o sacrificio que implica do dereito á intimidade dos traballadores (e mesmo dos clientes do casino)”

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Prohibición de fotografías nos museos:

- 1. Falta de dereitos

Obras protexidas: Non se protexen ideas, orixinalidade. Non se protexe o estilo nin o contido da creación

- Casos que afectan especialmente: Copias, restauración e fotografías
- Distinción obras fotográficas e fotografías.
- 2. Danos físicos nas obras

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Retrato de Painer a Natascha Kampusch secuestrada en 1998.
Fonte: El Mundo

O CASO PAINTER: STXUE 11 DE DECEMBRO DO 2011.

A Sra. Painer traballaba desde había moitos anos como fotógrafa autónoma e realizaba, en particular, fotografías de nenos en xardíns de infancia e garderías. No marco desta actividade, realizou varias fotografías de Natascha K. Para iso, deseñou o fondo, decidiu a postura e a expresión do rostro e tomou e revelou as fotografías.

A Sra. Painer identifica as fotografías que realiza co seu propio nome. Ao longo dos anos efectuou a identificación de diversas maneiras: mediante adhesivos ou con impresións en álbums ou portarretratos. O seu nome e a súa dirección profesional figuraban sempre na identificación.

A Sra. Painer vendeu as fotografías que realizou, pero non concedeu dereitos a terceiros sobre elas nin autorizou a publicación desas imaxes. O prezo que pedía polas fotografías constituía só a retribución polas copias destas. Cando Natascha K. foi secuestrada en 1998, á idade de dez anos, as autoridades de seguridade competentes ditaron unha orde de procura na que se utilizaron as fotografías feitas pola Sr Painer.

As demandadas foron diversas editoriais de prensa escrita e editoras de páxinas web

Natascha K. logrou escapar do seu secuestrador en 2006.

Por mor da fuga de Natascha K. e antes da súa primeira aparición pública, as demandadas no procedemento principal publicaron as fotografías controvertidas nos referidos medios e páxinas da internet sen identificar o autor de tales fotografías ou indicando un autor que non era a Sra. Painer.

A cobertura nos diversos medios e páxinas da internet era diferente en canto á selección das fotografías controvertidas e ao texto que as acompañaba. As demandadas no procedemento principal alegan que recibiran as fotografías controvertidas dunha axencia de noticias sen mención do nome da Sra. Painer ou coa indicación dun autor distinto.

Ademais, algúns destes medios publicaron un retrato, elaborado mediante un procedemento informático a partir dunha das fotografías controvertidas, o cal, dado que non existía fotografía recente de Natascha K. ata a súa primeira aparición pública, representaba o suposto rostro de Natascha K.

A Sra. Painer presentou unha demanda ante o Handelsgericht Wien o 10 de abril de 2007, solicitando que se declarase que as demandadas no procedemento principal debían deixar inmediatamente de reproducir ou distribuír, sen o seu consentimento e sen indicar o seu nome como autora, as fotografías controvertidas e o retrato-robot controvertido.

A Sra. Painer solicitou así mesmo que se condenase ás demandadas no procedemento principal a render contas, a pagar unha retribución adecuada e a indemnizar o prexuízo sufrido.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



O TXUE fai o que se chama test de libre elección de autor que deben verificar os órganos nacionais para determinar cando estamos ante unha obra fotográfica e non unha mera fotografía. Atende a diferentes momentos do proceso creativo.

1) A liberdade na forma de expresar ideas

O primeiro nivel consiste en avaliar a interacción entre a forma e a función. O correspondente órgano xurisdiccional ten encomendada a tarefa de constatar, en cada caso concreto, se a fotografía realizada vén ditada por consideracións técnicas, regras ou esixencias que non deixan lugar á liberdade creativa.

Trátase, en definitiva, de verificar, en cada caso, se a función da obra condiciona a súa expresión de tal modo que forma e idea confúndense ata o punto que o fotógrafo non pode realizar ningunha ou escasa selección na forma de manifestar as súas ideas.

Verificada a liberdade na forma e superado este primeiro nivel procédese a verificar o segundo nivel do test.

2) A liberdade nas decisións do autor

Neste suposto, trátase de poñer en evidencia se o fotógrafo na fotografía como forma de manifestar a súa idea, tomou decisións libres e creativas, isto é, decisións nas que pode deixar o seu “sinal persoal”.

Trátase de especificar para cada creación os diferentes momentos e formas en que estas decisións poden ser adoptadas para proceder a continuación a verificalas.

En aplicación deste estándar de orixinalidade, o TXUE, no Caso Painer, a pesar da falta de liberdade na elección do motivo, o retrato realízase por encargo polo que resolve que, a marxe do autor para poñer en práctica a súa capacidade creativa, non é necesariamente escaso ou mesmo inexistente.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Natascha Kampusch na portada do seu libro 'Cyberneider: Diskriminierung im Internet', sobre el acoso online que ha sufrido tras huir de su cautiverio. Dachbuch Verlag. Fonte: El Pais

O Tribunal declara que os retratos fotográficos, pola súa finalidade, non deben ser excluídos da consideración de obras fotográficas xa que, en cada caso, débese apreciarse se nos diferentes momentos do proceso creativo o autor pode tomar as súas decisións libres e creativas de diversas maneiras nas que pode deixar o seu «sinal persoal».

O TXUE, para os retratos fotográficos, precisa ademais, os diferentes momentos nos que o autor pode manifestar o seu sinal creativo distinguindo para ese efecto:

“Na fase preparatoria, o autor poderá elixir a escenificación, a pose da persoa que se vai a fotografar ou a iluminación”.

“Ao facer o retrato fotográfico, poderá seleccionar o encuadramiento, o enfoque ou mesmo o ambiente creado”.

“Por último, ao obter copias, o autor poderá elixir, de entre as diversas técnicas de revelado que existen, a que desexe utilizar, e poderá recorrer eventualmente a programas informáticos”.

O Caso Painer non é o único, o TXUE mantén o test en asuntos como C-604/10 STJUE (Sala Tercera) 1/03/2012 Caso Football Dataco e outros ou o Asunto C-406/10 STJUE (Gran Sala) 02/05/2012, Caso SAS

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS

O Tribunal Supremo español, salvo en contadas ocasións e fóra do ámbito das fotografías, dista moito de aplicar o concepto comunitario e o criterio estándar de verificación do TXUE.

O Tribunal Supremo, a pesar da regulación comunitaria e a súa interpretación polo TXUE, segue esixindo á criterios prohibidos polas Directiva como o criterio de mínima altura creativa e o de novidade provocando unha distorsión dentro do mapa comunitario de harmonización dos Dereitos de Autor.

Na súa sentenza de 5 abril de 2011 nun caso que trata sobre fotografías realizadas de sobremesas e ingredientes destinadas ao deseño de envases ou "packaging" realizadas por un fotógrafo profesional. Esta sentenza, na apreciación da "orixinalidade" caracterízase polo mantemento do criterio do mérito para declarar a unha fotografía obra protexida e a inaplicación do concepto harmonizado comunitario de orixinalidade.

Na sentenza o Alto Tribunal mediante o binomio creatividade / orixinalidade resolve que as fotografías non son obra fotográfica protexida por non presentar unha "mínima altura creativa", "unha suficiencia creativa".

Nesta sentenza, obvia a prohibición da Directiva 1993/98 e ten en consideración o criterio do merito para cualificar á fotografía de obra protexida. Así, segundo os seus propios termos: "o recoñecemento como obra protexida esixe unha mínima altura creativa"

Esta "creatividade" defínea o Tribunal Supremo como "esfuerzo intelectual" identificado na sentenza pola característica de "talento, intelixencia, enxeño" á que considera equivalente a "personalidade". Este esforzo intelectual, é segundo a sentenza do 5 de abril 2011, a que confire á obra a súa "singularidade" manifestada nos termos seguintes:

"A creatividade supón a achega dun esforzo intelectual, -talento, intelixencia, enxeño, invectiva, ou personalidade que converte á fotografía nunha creación artística ou intelectual-".

"A singularidade non radica no obxecto fotográfico, nin sequera na mera corrección técnica, senón na fotografía

mesma, na súa dimensión creativa"



Packaging IBERIA Galletas María.
Fuente Amazon

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS

Artigo 128. Das meras fotografías.

Quen realice unha fotografía ou outra reprodución obtida por procedemento análogo a aquela, cando nin unha nin outra teñan o carácter de obras protexidas no Libro I, goza do dereito exclusivo de autorizar a súa reprodución, distribución e comunicación pública, nos mesmos termos recoñecidos na presente Lei aos autores de obras fotográficas.

Este dereito terá unha duración de vinte e cinco anos computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte á data de realización da fotografía ou reprodución.

Artículo 129 bis. Dereitos das editoriais de publicacións de prensa e axencias de noticias respecto dos usos en liña das súas publicacións de prensa

2. A reprodución ou posta ao dispor do público por terceiros usuarios de calquera texto, imaxe, obra fotográfica ou mera fotografía que sexan obxecto deste dereito estará suxeita a autorización e non excluírá a responsabilidade civil ou penal do terceiro usuario que eventualmente se puidese derivar da utilización non autorizada do contido publicado.



O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS

Dereitos do autor dunha obra fotográfica:

Os mesmos que calquera outro autor:

1) Os dereitos morais, destacando o de divulgación ou de inédito, dexeito tal que se precisa o permiso do fotógrafo para dar a coñecer por primeira vez ao público a fotografía, o dereito a que se lle recoñeza a condición de autora e a esixir a integridade das aúa obra. Son dereitos intransmisibles e irrenunciabes que non poden cederse

2) Dereitos de explotación, comunicación pública e distribución.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Robert Smith, autor da fotografía da imaxe de Leonor que decora os produtos de merchandising. Non se pediu autorización pola empresa. O fotógrafo reclama dereitos de autor sobre a obra

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



A Sección 28 da Audiencia de Madrid, especializada no mercantil, revogou a sentenza ditada en xaneiro do 2018 polo Xulgado do Mercantil número 3, que absolveu a Errejón de vulnerar os dereitos de propiedade intelectual exclusivos de reprodución, distribución e comunicación pública do fotógrafo.

A sentenza da Audiencia considera que Errejón si que vulnerou tal dereito ao obter sen permiso unha fotografía na que el aparecía participando nun mitin da formación violeta para utilizala como imaxe de identificación nos perfís persoal e privado de Twitter e Facebook. Fonte Europa Press

LPI atribúe ao autor o monopolio exclusivo sobre a súa obra (fotografía), reservándolle calquera forma de explotación sobre a mesma, de tal maneira que ninguén sen o seu consentimento pode lícitamente explotar a fotografía, expoñéndose en caso contrario ás correspondentes responsabilidades.

Por explotación da obra debe entenderse, con carácter xeral, calquera actividade sobre o soporte tanxible ou intangible da mesma que, pasando o ámbito doméstico ou privado, permita a súa utilización, consumo, goce ou goce por terceiros. (OLLO COAS FOTOGRAFÍAS E AS OBRAS COLECTIVAS)

Debe lembrarse que estes dereitos do autor teñen os límites e excepción dos artigos 31 a 40 bis

MOI IMPORTANTE PARA OS CENTROS CULTURAIS QUE ADQUIREN FOTOGRAFÍAS

O dereito de exposición pública, como todos os dereitos de explotación, corresponde a título orixinario ao autor da obra fotográfica, sen que o adquirente da propiedade do soporte, xa sexa do orixinal constitutivo da creación fotográfica (negativo ou cliché) ou de calquera reprodución do mesmo, teña ningún dereito de explotación sobre aquela (art. 56.1).

Con todo, e como excepción á anterior regra, o apartado segundo do artigo antes citado atribúe ao propietario do orixinal dunha obra de arte plástica ou dunha obra fotográfica o dereito de exposición pública sobre a mesma "salvo que o autor exclúise expresamente este dereito no acto de alleamento do orixinal." Por tanto, en ausencia

de disposición contractual en contrario, o propietario do negativo da obra fotográfica que, entendo, é o propietario do orixinal dunha obra fotográfica, sen ser o autor e sen adquirir expresamente o dereito de exposición, devén titular do mesmo. Pero unicamente dese dereito, non de ningún outro dereito de explotación que expresamente non lle transmitira o autor conforme as normas de transmisión de dereitos que contempla a LPI. En consecuencia, o propietario do orixinal da obra fotográfica non podería reproducilo nos folletos publicitarios que anunciasen a exposición da fotografía sen a previa autorización do autor

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



O dereito de participación é un dereito de autor que aparece regulado no artigo 24 do texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tras a súa reforma mediante a Lei 2/2019, do 2 de marzo, o cal o define como un dereito dos creadores de obras gráficas ou plásticas, tales como cadros, colaxes, pinturas, debuxos, gravados, estampas, litografías, esculturas, tapices, cerámicas, obxectos de cristal, fotografías e pezas de vídeo arte, que lles permite participar economicamente no prezo que alcanzan as súas obras cando estas se revenden por un prezo igual ou superior a 800 euros, se na devandita revenda intervén como vendedor, comprador ou intermediario, un profesional do mercado da arte, como unha sala de poxas, unha galería de arte, un marchante de obras de arte ou calquera outras persoa que realice habitualmente actividades de intermediación neste mercado.

Este dereito é de natureza remuneratoria do autor, que non lle permite autorizar ou prohibir a revenda das súas obras, senón simplemente compensarlle economicamente como consecuencia de que o dereito de distribución das obras de arte orixinais queda esgotado coa venda destes exemplares que son únicos ou asimilados aos exemplares únicos, como é o caso das tiradas reducidas, numeradas ou asinadas, ou as edicións limitadas de múltiples.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



O aspecto físico é un instrumento básico de identificación, proxección exterior e para o propio recoñecemento como persoa, sendo este o primeiro elemento configurador da esfera persoal de todo individuo.

Recoñecido no artigo 12 da Declaración Universal de Dereitos Humanos e 17 do Pacto Interacional de Dereitos Cívicos e Políticos, no artigo 8 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e nos artigos 7 e 8 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea

Protexido como dereito fundamental no artigo 18 da Constitución

Regulado pola Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio de protección civil do dereito á honra, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

É un dereito dereito inalienable, imprescriptible e irrenunciable e supón:

O dereito a decidir que información dos seus rasgos físicos e información sobre a vida privada e persoal pode ser obxecto de difusión pública

O dereito a impedir a captación, reprodución ou publicación da propia imaxe por parte de calquera persoa non autorizada.

Esta protección tamén se estende á imaxe da persoa nas chamadas fotografías neutrais, coñecidas como aquelas en as que, aínda que non incorporen información gráfica sobre a vida privada ou familiar do individuo retratado, mostran o seu aspecto físico de modo que son reconocibles.

STS do 17 de xullo de 1993, ditada para un conocidísimo asunto contra a editora da xa extinta revista Interviú, e na que se considerou que as indiscretas fotografías da esposa do máis famoso empresario español do momento sentada con saia curta sen roupa interior nas que se apreciaba a máis íntima parte da súa anatomía, non eran precisamente accesorias da información sobre a entrega de premios que estaba a ter lugar naquela discoteca.

Fonte: Crónica

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Terán a consideración de intromisións ilexítimas no ámbito de protección delimitado polo artigo segundo desta Lei:

1. O emprazamento en calquera lugar de aparellos de escoita, de filmación, de dispositivos ópticos ou de calquera outro medio apto para gravar ou reproducir a vida íntima das persoas.
2. A utilización de aparellos de escoita, dispositivos ópticos, ou de calquera outro medio para o coñecemento da vida íntima das persoas ou de manifestacións ou cartas privadas non destinadas a quen faga uso de tales medios, así como a súa gravación, rexistro ou reprodución.
3. A divulgación de feitos relativos á vida privada dunha persoa ou familia que afecten á súa reputación e bo nome, así como a revelación ou publicación do contido de cartas, memorias ou outros escritos persoais de carácter íntimo.
4. A revelación de datos privados dunha persoa ou familia coñecidos a través da actividade profesional ou oficial de quen os revela.
- 5. A captación, reprodución ou publicación por fotografía, filme, ou calquera outro procedemento, da imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fóra deles, salvo os casos previstos no artigo oitavo, dous.**
- 6. A utilización do nome, da voz ou da imaxe dunha persoa para fins publicitarios, comerciais ou de natureza análoga.**
7. A imputación de feitos ou a manifestación de xuízos de valor a través de accións ou expresións que de calquera modo lesionen a dignidade doutra persoa, menoscabando a súa fama ou atentando contra a súa propia estimación.
8. A utilización do delito polo condenado en sentenza penal firme para conseguir notoriedade pública ou obter proveito económico, ou a divulgación de datos falsos sobre os feitos delituosos, cando iso supoña o menoscabo da dignidade das vítimas.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Non se reputará, con carácter xeral, intromisións ilexítimas as actuacións autorizadas ou acordadas pola Autoridade competente de acordo con a lei, nin cando predomine un interese histórico, científico ou cultural relevante.

En particular, o dereito á propia imaxe non impedirá:

- a) A súa captación, reprodución ou publicación por calquera medio cando se trate de persoas que exerzan un cargo público ou unha profesión de notoriedade ou proxección pública e a imaxe cáptese durante un acto público ou en lugares abertos ao público.
- b) A utilización da caricatura das devanditas persoas, de acordo con o uso social.
- c) A información gráfica sobre un suceso ou acaecimiento público cando a imaxe dunha persoa determinada apareza como meramente accesoria.

As excepcións contempladas nos parágrafos a) e b) non serán de aplicación respecto de as autoridades ou persoas que desempeñen funcións que pola súa natureza necesiten o anonimato da persoa que as exerza.

O TS no 2009 condenou a Interviú por difundir unas imáxes nas que Carmina Ordoñez aparecía que aparece sin la parte superior del bikini en el hotel de Tánger (de 30.000 euros).

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Será necesario pedir permiso para usar unha fotografía nos seguintes supostos ou circunstancias:

Se nas fotos aparecen persoas reconecibles, teremos que solicitar o seu consentimento expreso para poder publicalas, con independencia do soporte no que vaian ser publicadas, sexa online ou offline. A única excepción é cando esas persoas son un cargo público ou exercen unha profesión de notoriedade e a imaxe captouse nun evento público.

Se as fotos están suxeitas a dereitos de autor, ademais, teremos que pedir permiso ao seu autor para poder utilizalas, tanto na internet como en soportes físicos. Se queres usar fotos con dereitos de autor e/o dereitos de imaxe, terás que conseguir a autorización, por unha banda, do autor ou de quen teña actualmente os dereitos de explotación da fotografía (xa que poida que o fotógrafo cedeunos) e, doutra banda, das persoas identificables que aparecen na foto.

Ese permiso debe ser por escrito, para que quede constancia do mesmo. E en caso de non obtelo, non usar a fotografía.

No caso das persoas que aparecen nas fotografías, terás que localizalas e pedirilles o seu consentimento expreso para usar as devanditas imaxes. Como no caso anterior, recomendamos solicitar este consentimento por escrito.

Podemos recabar do fotógrafo o contrato que teña asinado coas persoas que están na fotografía e ver si se permite a difusión e publicación fotográfica aínda que iso non sempre é unha garantía

Para o uso profesional ou empresarial hai que solicitarr o consentimento expreso das persoas que aparecen nas fotos para poder levar a cabo o tratamento dos seus datos persoais. Isto ocorre, por exemplo, cando un fotógrafo quere usar as fotos feitas aos seus clientes para promocionar o seu negocio, colocándoas no escaparate, na súa páxina web ou para ensinalas a outros clientes.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



Nas fotos entran en xogo os dereitos de autor que ten o fotógrafo sobre o seu traballo e por outro, os dereitos de imaxe das persoas que aparecen nas fotos teñen

Que o fotógrafo teña os dereitos de explotación destas fotos non implica que poida usalas libremente, senón que necesita do consentimento expreso das persoas que aparecen nelas para poder usalas ou publicalas e explotalas comercialmente, tanto desde o punto de vista da cesión de dereitos de imaxe como desde a protección de datos persoais. As persoas son libres de dar ou non este consentimento. gravar ou facer fotos sen consentimento a unha persoa pode ser un delito ou unha infracción, dependerá da gravidade dos feitos, do lugar onde se capte a imaxe e da finalidade para a que se capte.

O artigo 197.7 o delito de descubrimento e revelación de segredos, que di:

«Será castigado cunha pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis a doce meses o que, sen autorización da persoa afectada, difunda, revele ou ceda a terceiros imaxes ou gravacións audiovisuais daquela que obtivese coa súa anuencia nun domicilio ou en calquera outro lugar fora do alcance da mirada de terceiros, cando a divulgación menoscabe gravemente a intimidade persoal desa persoa.»

Por tanto, só haberá pena por gravar vídeo sen consentimento ou facer fotos sen consentimento, cando se faga nun lugar privado ou considerado como tal e cando devandito vídeo ou fotos compártanse con terceiros, prexudicando a imaxe e a dignidade da persoa afectada.

Respecto a as infraccións, estas cométese cando se vulnera a lei de protección de datos. As sancións por non cumprir co consentimento dunha imaxe poden variar en función da extensión da infracción no tempo, o volume de imaxes difundidas ou o beneficio obtido.


Estas sancións tamén inclúen a multa por poñer cámaras de vixilancia en lugares nos que se presuma intimidade ou cámaras ocultas sen xustificación algunha.

STS 2009 Caso Topless María Reyes Miss España:

Admite el recurso de casación presentado por la revista Interviú.

"El personaje público que en lugar público se expone a mirada ajena asume que su imagen pueda ser captada y difundida sin su consentimiento aunque no le satisfaga el resultado y siempre que tenga interés según el género socialmente admitido al que pertenezca el medio", argumenta la sentencia del Supremo.

O DEREITO DE IMAXE NOS CENTROS CULTURAIS



A Galería da Academia de Florencia ven de gañar ante a xustiza italiana unha demanda por uso da imaxe do David de Miguel Angel e nela recoñécese o dereito a imaxe do Patrimonio Cultural. Fonte. www.infobae.com

Por tanto podes usar sen problema e sen consentimento:

- 1) As fotos feitas por ti pero as persoas que aparecen teñen que estar borrosas, pixeladas para non ser identificadas e así non se precisa consentimento e non se afectan os datos persoais.
- 2) Se as fotos son de personaxes públicos ou con profesións de notoriedade, feitas en espazos ou eventos públicos ou no desempeño das súas funcións ou cargos tamén se poden usar sen consentimento.
- 3) Se as persoas que aparecen nas fotos son de carácter accesorio, para ilustrar o contido informativo dunha noticia (por exemplo, as fotos e vídeos que publicaron os medios de comunicación durante os últimos temporais).
- 4) Se as fotografías non teñen copyright, son de uso libre ou son de dominio público



NOS
CENTROS
CULTURA
ALSO

